



# Saúde Laboral

## Boletín nº 49

Nº 49 FEBREIRO 2024

CIG - GABINETE TÉCNICO CONFEDERAL DE SAÚDE LABORAL

[www.cigsaudelaboral.org](http://www.cigsaudelaboral.org)

## MONOGRÁFICO SECTOR INDUSTRIA

A SEGURIDADE INDUSTRIAL NOS  
CENTROS DE TRABALLO

### SUMARIO

A DESIDIA DOS GOBERNOS DO PP NA XUNTA  
DE GALICIA EN MATERIA DE SEGURIDADE  
INDUSTRIAL

*Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral*

A SEGURIDADE INDUSTRIAL NO MARCO ACTUAL

*ASGOCA. Asociación Galega de Organismos de  
Control Autorizados*

INSTALACIÓNS INDUSTRIAIS NOS CENTROS DE  
TRABALLO. *INSST*

*Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral*

IMPRIMIBLES:

Lista de autoavaliación de Instalacións  
Industriais

Calendario de Inspeccións Regulamentarias de  
Instalacións e Equipos

*EDITA: Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral*

FINANCIADO POR:



CONSELLERÍA DE  
PROMOCIÓN DO  
EMPREGO E IGUALDADE



# A SEGURIDADE INDUSTRIAL NOS CENTROS DE TRABALLO

REQUISITOS  
DE  
SEGURIDADE  
EN  
TODO  
O  
CICLO  
DE  
VIDA  
DA  
INSTALACIÓN

INSPECCIÓN

SEGURIDADE INDUSTRIAL  
TRES PASOS

1. Identificar o tipo de instalación que temos
2. Verificar os requisitos de seguridade en todo o ciclo de vida da instalación

documentación

Decreto 219/2008,  
do 25 de setembro

INFORMACIÓN  
Asociacións  
Seguridade Industrial  
resultados

Seguridade  
industrial

# A seguridade industrial nos centros de traballo

**A** seguridade industrial é como unha materia invisible, que forma parte da cotidianeidade na vida actual, que vai impregnada con avances tecnolóxicos e que supón o esforzo dun número moi elevado de profesionais, así como dunha continua presión, para exercer a supervisión e control axeitados, non só da seguridade, senón tamén da calidade dos servizos e subministracións prestados por medio das instalacións industriais.

## A desidia dos Gobernos do PP na Xunta de Galicia en materia de Seguridade Industrial

A Seguridade Industrial a pesares de ser un tema capital e de extremada importancia para a seguridade do conxunto da cidadanía galega - especialmente para as persoas traballadoras do noso País-, a realidade é que segue a ser esta unha materia competencial da Xunta de Galicia que os sucesivos Gobernos do PP teñen esquecido sistematicamente, desprezada e agochada nun recuncho de incompetencia e inoperancia, nunha manifesta falla de responsabilidade e preocupación pola seguridade da nosa poboación.

Tal é así que o 15 de marzo do pasado ano 2023, alarmado pola crónica situación de abanadono que os Gobernos do PP na Galiza teñen imposto sobre esta esencial área de seguridade, o Bloque Nacionalista Galego (BNG) levou a cabo na “Comisión 6ª, de Industria, Enerxía, Comercio e Tu-

risimo do Parlamento Galego”, unha relación de preguntas parlamentarias sobre os plans de inspección de seguridade industrial da Xunta de Galicia coa intención de clarificar e deixar en evidencia o nivel de desidia e a falta de responsabilidade de goberno exercida polo PP nesta materia.

Cuestión especialmente grave se atendemos ao marco legal que regula esta área competencial da Xunta de Galicia, como o *Decreto lexislativo 1/2015, de 12 de febreiro*, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais de Galiza en materia de política industrial, que regula no seu libro I o relativo a seguridade industrial e estabelece a obriga da Xunta de realizar unha planificación da inspección.

No *Decreto 219/2008, do 25 de setembro*, régúlese a actividade administrativa de inspección, entendida como a actividade pola que a Consellería competente en materia de industria, cos seus propios medios ou a través da colaboración de entidades legalmente habilitadas, ten por obxecto a supervisión, o control e a vixilancia dos establecementos, instalacións, produtos e actividades industriais, comprobando a adecuación da súa posta en funcionamento e condicións de servizo aos requisitos legais, regulamentarios e técnicos



previstos na normativa aplicable e, de ser o caso, esixir as responsabilidades que correspondan nos supostos de incumprimentos legais ou defectos técnicos.

Tal e como establece o artigo 13.2 do Decreto 219/2008, do 25 de setembro, mediante orde da persoa titular da Consellería competente en materia de industria aprobaranse o obxecto, o contido e o ámbito de actuación que informan cada plan, así como as instrucións que deben cumprir as entidades legalmente habilitadas e os servizos correspondentes das delegacións provinciais do departamento da Xunta de Galicia con competencias en materia de industria, para levar a cabo as inspeccións que deben realizarse conforme ao plan e programas que se aproben.

Así mesmo, o artigo 26 do Decreto legislativo 1/2015 establece a obriga de elaborar un informe ao finalizar cada programa de inspección, así como a obriga de dar conta na Comisión de Industria dos resultados dos plans de inspección e das conclusións derivadas da súa execución.

Así as cousas, as preguntas formuladas polo BNG previamente e por escrito á Consellería de Industria, para que esta tivera tempo para recabar a

información requirida e dar cumprida resposta foron as seguintes:

1. Que actuacións preventivas realizou a administración industrial para promover a seguridade industrial en Galiza nos últimos 14 anos?
2. Cales foron os plans e programas de inspección realizados? En base a que criterio/s se definiron?
3. Que medidas foron adoptadas pola administración industrial para garantir a seguridade industrial dos nosos establecementos, instalacións e equipos?
4. Cantas inspeccións se desenvolveron no ano 2022?
5. Cantas instalacións deberían inspeccionarse?
6. Cantas actuacións se desenvolveron para promover a participación dos axentes económicos e sociais en materia de seguridade industrial?
7. Que grao de desenvolvemento teñen na Galiza os seguintes instrumentos de control da seguridade industrial? - Intervención administrativa - Rexistro industrial de Galiza - Rexistro de instalacións industriais - Inspección industrial: plans e programas de inspección - Entidades legalmente habilitadas.
8. Que grao do tecido industrial de Galiza está supervisado, controlado e vixiado?
9. Por que non se estableceu un sistema de información para as persoas titulares dos establecementos ou das instalacións sobre os prazos para realizar as inspeccións periódicas, indicándolles ao tempo e relación das entidades legalmente habilitadas na Galiza para realizalas?



10. Estabeleceuse un plan ou programa de inspección para o ano 2023?

11. Presentáronse no Parlamento de Galiza os resultados dos plans de inspección realizados así como as súas conclusións?

12. Existe o Consello Interdepartamental de Seguridade Industrial? Cal é a súa composición, as súas normas de organización e réxime interno, e cales foron as actividades realizadas por este Consello?

En representación da Xunta procedeu a “responder” ás mesmas a secretaria xeral de Industria, Paula Uría Traba, a cal limitouse basicamente a ofrecer un discurso de xeneralidades, ausente de datos e concrecións, e que en última instancia xerou a protesta formal do BNG por non responder a meirande parte das preguntas, non ofrecendo a información solicitada e os datos claros e precisos que esta resposta debería aportar.

A ninguén se lle escapa a estas alturas, que a Xunta de Galicia leva décadas non exercendo unha gran parte das súas competencias en materia de Seguridade Industrial, co gran risco que isto supón para o conxunto da poboación e especialmente para a clase traballadora galega que desenvolve a súa actividade laboral en lugares de traballo nos que a Seguridade Industrial é imprescindible e legalmente esixible.

Así logo, poñemos nas vosas mans este pequeno monográfico sobre Seguridade Industrial, coa intención de proporcionarvos e darvos acceso a unha información básica e suficiente para por unha banda dimensionar a importancia da Seguridade Industrial e por outra tomar conciencia da

necesidade de incorporar a mesma dun xeito integral nos Plans de prevención das nosas empresas.

## A SEGURIDADE INDUSTRIAL NO MARCO ACTUAL

### Introdución

A seguridade industrial é como unha materia invisible, que forma parte da cotidianeidade na vida actual, que vai impregnada con avances tecnolóxicos e que supón o esforzo dun número moi elevado de profesionais, así como dunha continua presión, para exercer a supervisión e control axeitados, non só da seguridade, senón tamén da calidade dos servizos e subministracións prestados por medio das instalacións industriais.

E nada diso se aprecia. O sistema de seguridade industrial é áxil e faise notar pouco.

Nos fogares, prender a luz da entrada ao edificio, empregar a calefacción, ou coller o ascensor, son entre outras, accións cotiás que van acompañadas de seguridade industrial, aínda que como cidadáns non nos decatemos. Sobre nós recae a obriga de manter estas instalacións en adecuadas condicións de seguridade.





Nos lugares de traballo, contamos con diversas instalacións que proporcionan un determinado servizo ou subministración para a actividade económica que se desenvolve, por exemplo: electricidade, gas, calefacción, aire acondicionado, protección contra incendios, etc. Ditas instalacións poden xerar riscos tanto para o persoal que as utiliza ou mantén como para aquelas persoas que se atopen nas súa proximidade. Por iso, a persoa titular da actividade empresarial, en cumprimento do seu deber de protexer a seguridade e saúde do seu persoal, deberá garantir un adecuado control dos riscos asociados ás mesmas.



### Seguridade industrial e sociedade do benestar

A lei de industria en vigor dende o ano 1992, sinala que o obxecto da seguridade industrial e o da prevención e limitación de riscos, así como a protección contra accidentes e sinistros capaces de producir danos ou prexuízos ás persoas, flora, fauna, bens e medio ambiente, derivados da actividade industrial ou da utilización, funcionamento e mantemento das instalacións ou equipos e da produción, uso ou consumo, almacenamento ou refugallo dos produtos industriais.

A seguridade industrial, afecta a instalacións e equipos presentes tanto no ámbito laboral como

no eido doméstico e por tanto podemos afirmar que non hai sociedade do benestar sen seguridade industrial.

Esta afirmación aséntase en definir como bases das sociedades do benestar, os piares da seguridade (social, sanitaria, laboral, xurídica, industrial, alimentaria, da información, etc. ) que acompañan o desenvolvemento e o progreso.

De todos estes piares, o da seguridade industrial pasa desapercibido pola maior parte da cidadanía, a pesar de estar presente nos distintos ámbitos como sinalabamos.

Pola súa propia nomenclatura, o concepto de seguridade industrial xera confusión, e pode levar a pensar que se refire unicamente a contornas industriais, cando non é así. A seguridade industrial protexe, directa e eficazmente, a vida diaria e cotiá de todas as persoas, sen excepción. Ao empregar un ascensor, un aparello eléctrico, substancias químicas, ..., así como cando accedemos a numerosos establecementos ou espazos de uso público (colexios, cinemas, hospitais, cafeterías, oficinas, gasolineiras, comercios, rúas, parques, estradas) que tamén están sometidos ao cumprimento da normativa de seguridade industrial.

### A seguridade industrial e o interese social

A seguridade industrial está ao servizo da protección das persoas. É evidente o interese que ten a seguridade industrial porque persegue a protección das persoas e a defensa do medio ambiente. Todo iso, ante posibles riscos derivados da actividade industrial ou da utilización, funcionamento e mantemento das instalacións

ou equipos que están regulados por normas de seguridade industrial, así como os riscos derivados da produción, uso, consumo, almacenamento de produtos industriais e dos seus residuos.

A seguridade industrial interesa a toda a cidadanía, que debe ser esixente no seu cumprimento por ser a súa receptora e beneficiaria. Son por tanto as e os cidadáns os verdadeiros receptores e beneficiarios da seguridade industrial, como dereito específico e como base fundamental da sociedade do benestar. Isto só é posible se as persoas titulares de instalacións, tanto en contornas domésticas como industriais, así como en establecementos sometidos á normativa, cumpren coas obrigacións que se derivan.

#### **A seguridade industrial e o interese económico**

A seguridade industrial, precisa de constante mellora e mantemento, non se trata dun concepto estático, senón que a seguridade das instalacións e dos equipos require dun axeitado mantemento ao longo do tempo, que facilitará unha maior vida útil dos mesmos.

Todos os sectores produtivos (turismo, alimentario, agricultura, comercio, moble, etc.) están directamente afectados pola normativa de seguridade industrial. Só dende o coñecemento e a sensibilización é posible garantir, en positivo, o cumprimento das obrigacións, fomentando a conciencia sobre as vantaxes e beneficios, particulares e sociais.

A promoción de investimento en seguridade industrial visibiliza o compromiso coa seguridade, e será un factor determinante de competi-

vidade empresarial. En consecuencia, incorporar a seguridade industrial á estratexia empresarial pode supoñer a ampliación e consolidación de novos mercados de interese.



#### **Revisións e inspeccións periódicas das instalacións (no ámbito laboral e no ámbito doméstico)**

A persoa titular dunha instalación deberá asegurarse de que determinados elementos e dispositivos da mesma, son revisados ou inspeccionados periodicamente para garantir o seu funcionamento correcto e seguro, gardando sempre rexistro da súa realización.

Estas revisións e inspeccións poden vir impostas por unha normativa industrial de aplicación, nese caso serán realizadas principalmente por organismos de control ou polos órganos competentes de cada comunidade autónoma, podendo ser tamén realizadas, segundo a instalación de que se trate, polo propia persoa titular da empresa, por un técnico ou técnica competente ou por unha empresa instaladora.

A relación de empresas instaladoras e de organismos de control pódese consultar no Rexistro Integrado Industrial. Cando non exista normativa industrial aplicable, a persoa titular da instalación deberá asegurarse de que as revisións e inspeccións periódicas están contempladas no plan de mantemento.

## Os Organismos de Control

Os Organismos de Control (comunmente coñecidos como OCA's) desempeñan un papel fundamental na seguridade, xa que son as entidades encargadas de verificar o cumprimento –de carácter obrigatorio– das condicións de seguridade de produtos e instalacións industriais.

Os Organismos de Control son axentes colaboradores da Administración para comprobar as esixencias regulamentarias en materia de seguridade industrial. As súas funcións están reguladas, baseándose fundamentalmente na verificación de que as instalacións, produtos e equipos industriais cumpran as condicións de seguridade fixadas nos Regulamentos Técnicos.

Para poder exercer esta actividade como organismos de control, as entidades precisan ser acreditadas previamente pola Entidade Nacional de Acreditación, ENAC, para posteriormente solicitar a súa habilitación na comunidade autónoma onde accedan á actividade como organismo de control, podendo dende ese momento actuar en todo o ámbito territorial do Estado.

**Coñecer un pouco máis sobre seguridade industrial. A seguridade industrial das instalacións en tres pasos:**

### 1. Identificar o tipo de instalación que temos

- Eléctricas de baixa tensión.
- Eléctricas de centros de transformación.
- Calefacción, climatización e auga sanitaria.
- Portas automáticas industriais.
- Protección contra incendios.
- Eléctricas de alta tensión.
- Almacenamento de produtos químicos.
- Petrolíferas.

- Redes de acometidas de combustibles gasosos.
- Almacenamento de gases combustibles GLP.
- Equipos a presión.
- Maquinaria e equipos de traballo.

### 2. Verificar os requisitos de seguridade en todo o ciclo de vida da instalación

- **No deseño:** Como garantía de que **cumpre** coa regulamentación.
  - ✓ Bo proxecto ou memoria técnica.
  - ✓ Redactado por unha persoa titulada competente.
- **Na execución:** Como garantía de que se **instala** o deseñado.
  - ✓ Realizada por unha empresa instaladora habilitada.
- **Na posta en marcha:** Como garantía de que **funciona** correctamente.
  - ✓ Realizar probas de funcionamento.
  - ✓ Recompilar certificados de conformidade dos equipos.
  - ✓ Dispoñer das instrucións de uso e mantemento.
  - ✓ Formar ao persoal no uso e manexo da instalación.
- **Na legalización:** Como garantía de que **cumpre** coa lexislación.





- ✓ Certificado da instalación emitido pola empresa instaladora.
- ✓ Tramitar a instalación en industria.
- ✓ Gardar e conservar o xustificante de trámite en industria.
- **No mantemento:** Como garantía de que se segue **funcionando** correctamente.
  - ✓ Elaborar un plan de mantemento preventivo.
  - ✓ Dispor dun contrato de mantemento cunha empresa mantedora habilitada.
  - ✓ Gardar e conservar os certificados e actas de mantemento.
  - ✓ Corrixir en prazo as incidencias detectadas.
- **Nas inspeccións periódicas:** Como garantía de que se **segue a cumprir** coa regulamentación.
  - ✓ Elaborar un calendario de inspeccións.
  - ✓ Contratar cun organismo de control habilitado.
  - ✓ Gardar e conservar as actas de inspección.
  - ✓ Corrixir en prazo as incidencias detectadas.

### 3. Estabelecer un sistema de xestión e control da documentación

- Proxecto ou memoria técnica.
- Certificado de conformidade dos equipos.
- Certificado de instalación.
- Xustificante do trámite da instalación en industria.

- Instrucións de uso e mantemento.
- Contratos de mantemento.
- Certificados e actas de mantemento.
- Actas de inspección.

### Conclusión

A Seguridade Industrial é unha realidade complexa, que abarca dende problemática estritamente técnica ata diversos tipos de efectos humanos e sociais. Por iso, é necesario facer cómplices a todas e cada unha das persoas, para que sexan axentes activos, vixiantes e demandantes de seguridade industrial nas súas contornas máis inmediatas, dende o seu fogar, ao seu lugar de traballo, pasando por locais de lecer, ou comercios entre outros.

### Ligazóns de interese

- [Rexistro Industrial de Galicia.](#)
- [Organismos de Control para a seguridade industrial.](#)
- [Prazos para a realización de inspeccións periódicas.](#)
- [Publicación sobre seguridade industrial no ámbito laboral.](#)
- [Publicación sobre seguridade industrial no ámbito doméstico.](#)

Fonte: ASGOCA (Asociación Galega de Organismos de Control Autorizado).

## INSTALACIÓNS INDUSTRIAIS NOS CENTROS DE TRABALLO

### A SEGURIDADE INDUSTRIAL

Denomínase seguridade industrial ao conxunto de normas obrigatorias establecidas para evitar ou minimizar, tanto os riscos que poidan producirse nos ámbitos industriais, como os prexuízos



derivados da actividade industrial e mesmo as enfermidades ocupacionais.

A Seguridade Industrial configúrase como un sistema de disposicións obrigatorias que teñen por obxecto a prevención e limitación de riscos, así como a protección contra accidentes capaces de producir danos ás persoas, aos bens ou ao medio ambiente derivados da actividade industrial ou da utilización, funcionamento e mantemento das instalacións ou equipos e da produción, uso ou consumo, almacenamento ou desinstalación e eliminación dos produtos industriais.

A esta disciplina da prevención correspóndelle efectuar o control e seguimento do cumprimento regulamentario dos produtos e instalacións que forman parte das súas áreas de actuación.

#### AREAS DE ACTUACIÓN:

##### INDUSTRIA

- Rexistro de Establecementos Industriais.
- Vehículos.
- Metroloxía.
- Instalacións de protección contra incendios.
- Seguridade en máquinas.
- Autorización de Organismos de Control, Organismos Notificados e Laboratorios.
- Patentes e Marcas.
- Control de produtos.
- Outros (Metais preciosos, Aparellos de bronceado).

##### SEGURIDADE INDUSTRIAL

- Aparellos elevadores (ascensores, guindastres torre e guindastres autopropulsados).
- Instalacións de gas e almacenamentos de combustibles gasosos.

- Instalacións térmicas (calefacción, climatización e auga quente sanitaria).
- Equipos a presión.
- Instalacións frigoríficas.
- Almacenamento de produtos químicos.
- Prevención de accidentes graves con substancias perigosas.

#### INSTALACIÓNS INDUSTRIAIS

Nos lugares de traballo é necesario dispoñer de instalacións adicionais aos mesmos, que proporcionan un determinado servizo ou subministración para o seu correcto funcionamento e para a actividade económica que neles se desenvolve, por exemplo: electricidade, gas, calefacción, aire acondicionado, protección contra incendios etc.

A presenza das instalacións inflúe nas condicións de traballo do lugar ou centro de produción ao que dan servizo, podendo xerar riscos tanto para as persoas traballadoras que as utilizan ou manteñen como para aquelas que se atopan nas súas proximidades. Por iso, o empresario/a, en cumprimento do seu deber de protexer a seguridade e saúde dos seus traballadores/as, deberá estender a actividade preventiva a todas as instalacións existentes para así garantir un adecuado control dos riscos asociados ás mesmas.



O [Real Decreto 486/1997, do 14 de abril](#), polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo, regula as condicións que deben cumprir os lugares de traballo, dentro do seu ámbito de aplicación, para que a súa utilización non orixine riscos para a seguridade e saúde das persoas traballadoras. Estabelece así obrigacións do empresario/a relativas a diversos aspectos dos lugares de traballo, entre os que se atopan as instalacións de servizo e protección.

O artigo 2 do citado real decreto establece que “as **instalacións de servizo ou protección** vinculadas aos lugares de traballo consideraranse como parte integrante dos mesmos”, polo que é obrigado telas en conta na actividade preventiva. Por outra banda, o artigo 6 do citado real decreto establece que “as instalacións de servizo e protección dos lugares de traballo ás que se refire o apartado 2 do artigo 2 deberán cumprir as disposicións mínimas establecidas no presente Real Decreto, así como as que se deriven das regulamentacións específicas de seguridade que resulten de aplicación”; por conseguinte, na actividade preventiva asociada ás instalacións dos lugares de traballo deberase ter en conta a lexislación de seguridade industrial aplicable ás devanditas instalacións.

En relación cos **equipos de traballo que formen parte das instalacións**, estes tamén poden requirir (por razóns de seguridade) un mantemento, revisión ou comprobación, en aplicación do disposto, en particular, nos artigos 3.5 e 4 do [Real Decreto 1215/1997](#).

O contido deste artigo que estás a ler está extraído da “[Guía para a xestión preventiva das instalacións dos lugares de traballo](#)”, e do mesmo xeito que esta, pretende servir como complemento ao Apéndice 3 “*Instalacións de Servizo e Protección*” da [Guía Técnica para a avaliación e prevención dos riscos relativos á utilización dos lugares de traballo](#) (edición de marzo de 2015) do Instituto Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo (INSST), extractando e recompilando dende o prisma da prevención de riscos laborais, os aspectos documentais das instalacións de maior interese a controlar polo empresario/a ou polo técnico/a de prevención na súa falta.



Independentemente do anterior, o titular das instalacións presentes nos lugares de traballo está obrigado a mantelas en correcto estado de funcionamento e é responsable, en todo momento, do cumprimento dos requisitos técnicos e de seguridade establecidos nos **Regulamentos correspondentes** (normativa de obrigado cumprimento na súa totalidade), sen que o contido desta guía substitúa aos mesmos e sen prexuízo da lexislación de protección do medio ambiente que sexa aplicable en cada caso.

**Referencias da “Guía para a xestión preventiva das instalacións dos lugares de traballo”. Instituto Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo (INSST).**

### ASPECTOS COMÚNS A TODAS AS INSTALACIÓNS

De entre todas as instalacións que a normativa regula, esta Guía que estamos a empregar de referencia, selecciona aquelas de uso máis estendido e, polo tanto, con maior presenza nos lugares de traballo; a saber:

- Instalacións de almacenamento de produtos químicos (líquidos inflamables e combustibles en recipientes fixos; gases en recipientes a presión móbiles; recipientes móbiles).
- Centros de transformación eléctrica.
- Instalacións de gases combustibles (instalacións receptoras de combustibles gasosos; aparellos de gas).
- Instalacións de protección contra incendios.
- Liñas aéreas de alta tensión.
- Instalacións petrolíferas (instalacións de almacenamento de carburantes e combustibles líquidos para uso propio nas instalacións; instalacións para subministración de carburantes e combustibles líquidos a vehículos).
- Instalacións frigoríficas.
- Instalacións de baixa tensión.
- Instalacións térmicas.
- Ascensores.
- Equipos a presión (instalacións con equipos a presión; caldeiras).

Non hai que esquecer que, aínda que a normativa de seguridade industrial -como calquera outra- pode ser modificada por novos regulamentos que derrogan aos anteriores, estes seguirán sendo a referencia respecto das condicións técnicas que teñen que cumprir as instalacións executadas no momento en que estaba vixente dita normativa, excepto no relativo á periodicidade das inspeccións e verificacións, que deberá atender á normativa que estea vixente no momento actual.



### FUNCIÓN E RESPONSABILIDADES

A eliminación ou redución dos riscos é unha obrigação do empresario/a. En cumprimento do artigo 16.1 da *Lei 31/1995, de Prevención de Riscos Laborais* (LPRL), este deberá integrar a prevención de riscos laborais no sistema xeral de xestión da empresa e, por tanto, deberá contar coa implicación e colaboración de diferentes actores na consecución deste fin.

A continuación, defínense as principais figuras nas cales a parte empresarial poderá delegar as funcións que considere, segundo o tamaño e as características da empresa, sen eximirle da súa responsabilidade final.

Propóñense funcións relacionadas coa seguridade das instalacións para unha empresa tipo (empresario/a que explota un centro da súa propiedade, dun tamaño medio).

### Empresario/a titular das instalacións

Enténdese por empresario/a titular das instalacións aquela persoa que ten a capacidade de xestionar un centro de traballo e poñelo ao dispor dos traballadores/as, sendo responsable das instalacións existentes no mesmo.

#### **En xeral, deberá asegurarse de que:**

- a) As instalacións son axeitadas ás características do lugar de traballo no que van prestar servizo;
- b) As instalacións utilízanse dentro dos límites de funcionamento previstos polo fabricante e seguindo as instrucións destes ou dos instaladores, co adecuado adestramento previo aos traballadores/as;
- c) As instalacións mantéñense conforme a un plan de mantemento, ben seguindo o establecido na regulamentación industrial específica aplicable, ben atendendo a criterios baseados na experiencia do usuario e nas instrucións dos fabricantes e instaladores cando non exista dita regulamentación; o plan de mantemento recollerá as instalacións afectadas, as operacións para realizar, a periodicidade, os responsables e o rexistro final;
- d) As instalacións sométense a inspeccións iniciais trala súa execución e antes da posta en servizo e/ou a controis periódicos, seguindo os criterios establecidos pola regulamentación de seguridade industrial vixente;
- e) As instalacións sométense a revisións adicionais cando se produciron feitos excepcionais como transformacións, accidentes, fenómenos naturais ou falta prolongada de uso, que poidan ter consecuencias prexudiciais para a seguridade e saúde;
- f) As revisións de mantemento e as inspeccións son efectuadas por persoal competente, para o que designará ás persoas responsables de contactar coa empresa instaladora ou mantedora ou, no seu caso, cun Organismo de Control (OC), de atenderlles durante a visita, de gardar os rexistros emitidos, etc.;
- g) As persoas traballadoras que vaian realizar as tarefas de mantemento, reparación ou transformación posúen a formación e o adestramento necesarios cando estas operacións supoñan un risco específico para a súa seguridade e saúde;
- h) As persoas traballadoras que utilicen as instalacións, así como os/as seus/súas representantes, reciben unha formación e información adecuadas sobre os riscos derivados da utilización das mesmas, así como sobre as medidas de prevención e protección que deban adoptarse;





- i) Consérvanse, durante toda a súa vida útil, os resultados das inspeccións e revisións das instalacións, que deben estar documentadas e ao dispor da autoridade laboral;
- l) Anúlense ou retíranse aquelas instalacións ou equipos que deixan de cumprir os requisitos de **seguridade necesarios**;
- m) Cúmprese co indicado no [Real Decreto 171/2004](#) en materia de coordinación de actividades empresariais cando empresas concorrentes realicen actividades de instalación, mantemento e/o inspección nas instalacións do centro de traballo.

### Persoal que constitúe a modalidade organizativa preventiva

O empresario/a pode organizar os recursos necesarios para o desenvolvemento das actividades preventivas conforme algunha das modalidades seguintes:

1. Asumindo persoalmente tal actividade.
2. Designando a unha ou varias persoas traballadoras para levala a cabo.
3. Constituindo un servizo de prevención propio.
4. Recorrendo a un servizo de prevención alleo.

### As persoas que integran a modalidade organizativa que se constituíu na empresa serán responsables de:

- a) Realizar a avaliación de riscos, tendo en conta, entre outras, as características das instalacións e as súas condicións de seguridade e saúde; para iso, comprobarán que as instalacións cumpren a regulamentación industrial vixente, están mantidas, son inspeccionadas

e se utilizan adecuadamente segundo o indicado no manual de instrucións proporcionado polo instalador para evitar que constitúan un risco; na avaliación dos riscos terase en conta a natureza da actividade que se realice, as características dos postos de traballo e as persoas traballadoras que deban intervir dalgunha maneira nas devanditas instalacións;



- b) Identificar, dentro da avaliación de riscos, aquelas actividades con riscos especiais que se realicen nas instalacións e que necesiten un especial control, asegurándose de que se adoptan as medidas de prevención e protección necesarias;
- c) Asesorar ao persoal de mantemento durante a elaboración dun plan de mantemento e/o de inspeccións de seguridade cando non exista unha periodicidade establecida na normativa industrial, á hora de incluír determinados aspectos regulamentarios no mesmo;
- d) Realizar un seguimento global dos plans de mantemento ou un seguimento particular destes plans en instalacións críticas para as condicións de seguridade e saúde no traballo;
- e) Poñer de manifesto a necesidade de tomar medidas cando se observe calquera circunstancia que implique o incumprimento dun requisito legal.



### Personal de mantemento

O persoal de mantemento poderá ser da propia empresa ou dunha empresa externa. En calquera dos dous casos, as súas funcións serán as seguintes:

1. Elaborar un plan de mantemento que inclúa as revisións periódicas ou preventivas e as comprobacións ou inspeccións necesarias, tendo en conta as instrucións do fabricante e do instalador; en caso de non existir ditas instrucións, teranse en conta as características das instalacións, as condicións de utilización e calquera outra circunstancia que poida influír na súa deterioración ou desaxuste;
2. Levar a cabo o plan de mantemento e de inspeccións de seguridade establecido; os responsables do persoal de mantemento supervisarán a correcta execución destes plans así como das medidas correctoras derivadas dos mesmos, no seu caso;
3. Rexistrar os resultados dos controis periódicos das instalacións.

### Usuarios

Por “usuario” entenderase calquera traballador/a que faga uso da instalación ou calquera traballador/a que desenvolva a súa actividade no centro de traballo onde se atope a instalación en cuestión.

### Os usuarios das instalacións teñen a obriga de:

- a) Non poñer en servizo a instalación ou impedir o seu funcionamento se non se cumpren os requisitos para que o seu uso sexa seguro.
- b) Facer uso das instalacións dentro dos límites de funcionamento previstos polo fabricante ou polas instrucións dadas polo instalador autorizado.
- c) Identificar fallos en elementos críticos e poñelo en coñecemento de quen corresponda para que se adopten as medidas preventivas antes de que poida producirse un accidente.
- d) Informar dos accidentes e incidentes que se produzan relacionados coas instalacións.

### **EXECUCIÓN E POSTA EN SERVIZO DE INSTALACIÓNS NOVAS. Aspectos comúns a todas as instalacións**

Cando o/a titular dun centro de traballo decide dotalo dunha instalación nova, con carácter xeral deberá seguir as seguintes fases<sup>1</sup>:

- 1º.- **Coñecer a normativa aplicable á instalación.** Cada un dos documentos específicos para cada instalación: normativa legal e técnica que corresponda.
- 2º.- **Encargar a elaboración dun proxecto ou dunha memoria técnica,** segundo o caso, que defina as características da instalación e entregalo ao instalador autorizado para a súa execución.

<sup>1</sup> *As fases indicadas poden verse ampliadas ou reducidas segundo o tipo de instalación, de acordo co recollido na súa normativa de aplicación.*

**3º.- Ordenar a execución da instalación.** Con carácter xeral, as instalacións serán executadas por instaladores autorizados, aínda que nalgúns casos poderá ser o fabricante. A relación dos instaladores autorizados pode atoparse no Rexistro Integrado Industrial.

Posteriormente, o empresario/a deberá asegurarse de que o instalador realiza unha verificación inicial da mesma para comprobar a súa correcta execución e o seu funcionamento seguro. Nesta fase, nalgúns casos, pode ser necesaria a participación dun Organismo de Control (OC) para efectuar unha inspección inicial.

De acordo coa [Lei 21/1992, do 16 de xullo](#), de Industria, os organismos de control son aquelas persoas físicas ou xurídicas que, tendo capacidade de obrar e dispoñendo dos medios técnicos, materiais e humanos e imparcialidade e independencia necesarias, poden verificar o cumprimento das condicións e requisitos de seguridade establecidos nos regulamentos de seguridade para os produtos e as instalacións.

**4º.- Recibir un certificado de instalación** asinado polo instalador autorizado que a executou, no que fará constar que o realizou segundo o establecido na normativa aplicable e na documentación técnica mencionada na fase 2ª. Ademais, o instalador elaborará e entregará unhas instrucións para o seu correcto uso e mantemento e sobre as revisións que sexa necesario realizar.

**5º.- Depositar**, cando lle corresponda, unha **copia de toda a documentación** anterior ante o órgano competente da comunidade autónoma

na que se executou a instalación segundo o procedemento establecido pola devandita comunidade, co gallo de que quede rexistrada e poida iniciar a súa posta en servizo.



**6º.-** Cando adquira unha instalación xa existente, **comunicar o cambio de titularidade** da instalación á comunidade autónoma que corresponda no prazo establecido pola mesma ou, como máximo, nun mes.

### MODIFICACIÓNS DAS INSTALACIÓNS EXISTENTES

As diferentes instalacións poden ser modificadas nalgún momento da súa vida útil. A modificación pode ser parcial, total ou implicar a instalación dalgún compoñente de seguridade para adecuar á normativa vixente aquelas instalacións máis antigas.

Se as modificacións son importantes e afectan á seguridade da instalación, pode ser necesaria a intervención dun instalador autorizado ou dun fabricante, segundo o caso, que deberá efectuar unha nova avaliación de conformidade coma se se tratase dunha instalación nova.

Tanto as reparacións como as modificacións só poderán ser realizadas por mantedores, conservadores ou reparadores autorizados.

Na maioría das instalacións as modificacións importantes requiren encargar unha nova memoria ou un novo proxecto técnico a partir do cal se seguirían as mesmas fases que as que seguiría unha instalación nova.



### MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS

O apartado 4º do anexo II do [Real Decreto 486/1997](#) establece a obrigação do empresario/a (neste caso, o titular das instalacións) de levar a cabo un mantemento periódico das instalacións presentes no seu centro de traballo. A normativa específica ou, na súa falta, o manual de instrucións ou a información do instalador, indicará como, quen e cando deberá actuar neste sentido. No caso contrario, será o empresario/a titular da instalación quen deberá determinar como levar a cabo estas actuacións, apoiándose, cando sexa necesario, na avaliación de riscos existente. Se o mantemento vén imposto por unha normativa industrial de aplicación, será realizado por

empresas mantedoras, conservadoras ou reparadoras ou pola propia empresa cando dispoña de medios técnicos e humanos establecidos en dita normativa.

A relación de empresas mantedoras, conservadoras e reparadoras pode localizarse no **Rexistro Integrado Industrial** ou na súa falta nos **Rexistros industriais autonómicos**. O empresario/a usuario do centro de traballo no que se sitúen as instalacións deberá facilitar o acceso ao mesmo ao persoal destas empresas.

### REVISIONS E INSPECCIÓNS PERIÓDICAS DAS INSTALACIÓNS

O/a titular dunha instalación deberá asegurarse de que determinados elementos e dispositivos da mesma son revisados ou inspeccionados periodicamente para garantir o seu funcionamento correcto e seguro, gardando sempre rexistro da súa realización.

Estas revisións e inspeccións poden vir impostas por unha normativa industrial de aplicación, nese caso serán realizadas principalmente por organismos de control ou polos órganos competentes de cada comunidade autónoma, podendo ser tamén realizadas, segundo a instalación de que se trate, polo propio empresario/a, por un técnico/a competente ou por unha empresa instaladora.

A relación de empresas instaladoras e de organismos de control pódese consultar no Rexistro Integrado Industrial.

Cando non exista normativa industrial aplicable, o/a titular da instalación deberá asegurarse de



que as revisións e inspeccións periódicas están contempladas no plan de mantemento.

### O REXISTRO INTEGRADO INDUSTRIAL

O **Rexistro Integrado Industrial (RII)** é unha ferramenta web que se constituíu coa intención de facilitar ao empresario/a titular dunha instalación información sobre a actividade industrial en todo o territorio do Estado, e comprende os datos relativos ás empresas e establecementos habilitados para realizar algunha das actividades incluídas no ámbito de aplicación do regulamento que o regula, aprobado mediante [Real Decreto 559/2010, do 7 de maio](#) (véxase o artigo 4 do citado real decreto), entre as que se inclúe a instalación, o mantemento, a reparación e a inspección das instalacións máis habituais dos lugares de traballo.

Os datos do RII obtéñense a partir da información das autorizacións concedidas en materia de industria e dos achegados nas comunicacións ou as declaracións responsables realizadas polos titulares das empresas ou establecementos interesados. A proposta de modelo de declaración responsable mantense actualizada polo órgano

competente en materia de industria da comunidade autónoma na que se establece a empresa, o cal debe facilitar que se poida realizar mediante medios electrónicos.

A presentación da declaración responsable máis a asignación, de oficio, dun número de identificación habilita á empresa instaladora, mantedora, reparadora ou conservadora ou á entidade que realiza as inspeccións por tempo indefinido, dende o momento da súa presentación ante a administración competente, para o exercicio da actividade en todo o territorio do Estado español, sen que poidan impoñerse requisitos ou condicións adicionais.

Na actualidade pódese consultar a relación de empresas instaladoras, mantedoras, reparadoras e conservadoras habilitadas, así como as entidades de inspección (OC), accedendo ao sitio web de Rexistros Industriais –RII- a través da seguinte ligazón: [Rexistros Industriais](#)

Unha vez no buscador, seleccionáronse as opcións do despregable en cada un dos campos (división, sección, habilitación, categoría/especialidade) en función das necesidades.



LISTA DE AUTOAVALIACIÓN DE INSTALACIÓNS INDUSTRIAIS				
INSTALACIÓNS DE SERVIZO E PROTECCIÓN				
		SI	NON	N/A
<b>1. Posta en servizo</b>				
1.1	A posta en servizo da instalación, cumpre cos requisitos regulamentarios referentes á persoa ou entidade que a pon en servizo?			
1.2	A posta en servizo da instalación, cumpre cos requisitos regulamentarios referentes á propia instalación?			
1.3	A instalación, dispón do marcado e certificados previstos na regulamentación?			
<b>2. Utilización</b>				
2.1	Nos casos que se estableza regulamentariamente, a instalación, dispón de manual de instrucións e/ou información do instalador?			
2.2	A instalación, é utilizada baixo condicións que aseguran un adecuado control dos riscos?			
<b>3. Mantemento, revisións e inspeccións</b>				
3.1	As instalacións dos lugares de traballo, son obxecto dun mantemento periódico que asegura o cumprimento das especificacións do proxecto? [II.4-RD 486/1997]			
3.2	Lévanse a cabo as inspeccións periódicas e revisións establecidas regulamentariamente?			
3.3	O mantemento é realizado por unha empresa autorizada para iso pola administración pública, nos casos que se estableza regulamentariamente?			
3.4	As deficiencias identificadas que afectan á seguridade e saúde das persoas traballadoras no mantemento diario das instalacións, son emendados con rapidez? [II.4-RD486/1997]			
<b>Requisitos aplicables segundo a instalación</b>				
<b>Instalación eléctrica de baixa tensión</b>				
<b>4. Posta en servizo</b>				
4.1	A instalación foi verificada polo instalador, coa supervisión do director/a de obra, no seu caso, a fin de comprobar a correcta execución e funcionamento seguro da mesma? [Art.1.b-RD 842/2002]			
4.2	Cando así o determina a correspondente ITC, a instalación foi obxecto dunha inspección inicial por un organismo de control? [Art. 18.1.a-RD 842/2002]			
4.3	Dispónse de certificado da instalación eléctrica emitida polo instalador autorizado executor da instalación? [Art. 18.1.d-RD 842/2002]			
<b>5. Utilización</b>				
5.1	Dispónse das instrucións para o correcto uso e mantemento da instalación eléctrica, entregadas pola empresa instaladora como anexo ao certificado de instalación? [Art.19-RD 842/2002]			
5.2	Tense en consideración a competencia das persoas que acceden a partes da instalación? [I.A.12.3º-RD 486/1997]			
<b>6. Mantemento, revisións e inspeccións</b>				
6.1	A instalación eléctrica, mantense en bo estado de mantemento e funciona adecuadamente? [Art. 20-RD 842/2002]			
6.2	As modificacións realizadas na instalación eléctrica, efectúaaas un instalador autorizado? [Art. 20-RD 842/2002]			
6.3	Lévanse a cabo as inspeccións iniciais e periódicas establecidas na regulamentación? [Art. 21-RD 842/2002]			
<b>Aparellos de elevación e manutención</b>				
<b>7. Posta en servizo</b>				
7.1	A instalación, dispón de número de identificación outorgado polo órgano competente da Comunidade Autónoma visible no interior da cabina? [ITC AEM 1.4-RD 88/2013]			
7.2	A instalación, dispón na súa cabina dunha placa visible que indique a carga nominal en quilogramos e o número máximo de persoas cuxo transporte autoriza? [A.I.5-RD 203/2016]			
<b>8. Utilización</b>				
8.1	Dispónse das instrucións para o uso normal da instalación, así como as necesarias para o mantemento, a inspección, a reparación, as revisións periódicas e as operacións de socorro? [Art.7-RD 203/2016]			
<b>9. Mantemento, revisións e inspeccións</b>				
9.1	Dispónse dun contrato de mantemento cunha empresa conservadora da instalación? [ITC AEM 1.5.1.1-RD 88/2013]			
9.2	Designouse unha persoa encargada do servizo ordinario do ascensor? [ITC AEM 1.5.2-RD 88/2013]			
9.3	Realízanse as visitas para o mantemento preventivo da instalación segundo a regulamentación? [ITC AEM 1.5.3.2-RD 88/2013]			
9.4	Dispón o titular do boletín que reflicte os datos fundamentais de cada actuación na instalación? [ITC AEM 1.5.4-RD 88/2013]			
9.5	Lévanse a cabo as inspeccións periódicas da instalación establecidas na regulamentación? [ITC AEM 1.11-RD 88/2013]10			
<b>Instalación de protección contra incendios</b>				
<b>10. Posta en servizo</b>				
10.1	Dispónse da documentación correspondente ao proxecto ou memoria técnica da instalación, elaborada antes da súa execución? [Art. 4-RSCIEI] [Art 5-CTE]			
10.2	Presentouse ao órgano competente da Comunidade Autónoma o certificado da empresa instaladora onde consta que a instalación se realizou conforme ao Regulamento de instalacións de protección contra incendios e de acordo ao proxecto? [Art.20-RIPCI]			
<b>11. Utilización</b>				
11.1	Dispónse das instrucións para o correcto uso e mantemento da instalación, entregadas pola empresa instaladora? [Art. 12- RIPCI]			
<b>12. Mantemento, revisións e inspeccións</b>				
12.1	Subscribiuse un contrato de mantemento cunha empresa mantedora debidamente habilitada? [Art. 20- RIPCI]			
12.2	Lévanse a cabo as inspeccións iniciais e periódicas establecidas na regulamentación? [Art. 22- RIPCI] [Art 6 e 7- RSCIEI]			
12.3	Recíbense as comunicacións da empresa mantedora indicando os equipos e sistemas e as datas en que corresponde efectuar as operacións de mantemento periódicas regulamentarias? Art. 17-RIPCI]			



**CALENDARIO DE INSPECCIONES REGULAMENTARIAS DE INSTALACIONES E EQUIPOS**  
**SEGURIDADE INDUSTRIAL**


INSTALACIÓN / EQUIPO	PERIODICIDADE	AXENTE QUE INSPECCIONA	NORMA	
<b>ASCENSORES E MONTACARGAS</b>				
Ascensores en edificios industriais e de pública concorrencia	2 anos	Organismo de Control	RD 2291/85 RD 88/2013 ITC AM-1	
Ascensores en edificios de vivendas con máis de 4 plantas ou 20 vivendas	4 anos	Organismo de Control		
Ascensores en resto de edificios	6 anos	Organismo de Control		
<b>EQUIPOS E ACCESORIOS DE ELEVACIÓN</b>				
Accesorios de elevación, cables, cadeas e cinchas	Antes da posta en servizo	Comprador	RD 1644/2008	
Guindastre torre desmontable- Inspección	Cada 4 meses	Empresa conservadora autorizada	RD 1644/2008 RD 836/2003 RAE AEM-2	
Guindastre torre desmontable instalada durante un tempo prolongado	Cada 2 anos	Organismo de Control	RD 1644/2008 RD 836/2003 RAE AEM-2	
Guindastres torres para obras posteriores 1/1/1995	Antes da posta en servizo	Comprador	RD 1644/2008	
Guindastres móbiles autopropulsadas menor a 6 anos	Cada 3 anos	Organismo de Control	RD 837/2003	
Guindastres móbiles autopropulsados entre 6 e 10 anos	Cada 2 anos			
Guindastres móbiles autopropulsados maior de 10 anos ou que non acrediten data de fabricación	Cada ano			
<b>INSTALACIONES ELÉCTRICAS</b>				
Instalacións eléctricas en alta tensión, subestacións e centros de transformación	Anual / cada 3 anos	Empresa de mantemento / Organismo de Control	RD 337/2014	
Instalacións de locais de pública concorrencia, instalación con risco de incendio ou explosións e instalación de características especiais	Anual / cada 5 anos	Empresa instaladora / Organismo de Control	RD 842/2002	
Instalacións de alumeados exterior con potencia instalada >5 kW	Anual / Cada 5 anos	Empresa instaladora / Organismo de Control	RD 1890/2008	
<b>ALMACENAMIENTO DE PRODUCTOS QUÍMICOS</b>				
Líquidos inflamables e combustibles	Inspección inicial en instalacións que non precisen proxecto. Revisións anuais. Inspeccións periódicas cada 5 anos.	Organismo de Control	MIE-APQ 1	
Oxido de etileno			MIE-APQ 2	
Cloro			MIE-APQ 3	
Amoniaco anhídrido			MIE-APQ 4	
Botellas e botellóns de gases comprimidos, líquidos e disoltos a presión			MIE-APQ 5	
Líquidos corrosivos			MIE-APQ 6	
Líquidos tóxicos			MIE-APQ 7	
Fertilizantes a base de Nitrato amónico cun alto contido en Nitrato			Inspeccións periódicas cada 5 anos	MIE-APQ 8
Peróxidos orgánicos				MIE-APQ 9
<b>GASES COMBUSTIBLES</b>				
Centros de almacenamento e distribución de envases GLP	Inspección inicial e revisión periódica cada 2 anos	Organismo de Control	RD 919/2006	
Instalacións de almacenamento de GLP en depósitos fixos	Inspección inicial e revisión periódica (proba de presión) cada 15 anos			
Plantas satélite de gas natural licuado (GNL)	Inspección inicial e revisión periódica cada 5 anos e proba de presión pneumática cada 15 anos			
Estacións de servizo para vehículos a gas	Inspección inicial e revisión periódica cada 5 anos			
Instalacións receptoras de combustibles gaseosos	Inspección periódica cada 5 anos			
<b>INSTALACIONES PETROLÍFERAS</b>				
<b>Instalacións de almacenamento para consumo na propia instalación</b>				
<b>a. Instalacións superficie</b>				
Instalacións petrolíferas que non requiran proxecto	10 anos	Organismo de Control / Empresa de mantemento	RD 2085/94 RD 1427/97-ITC-MI-IP-03 RD 1523/99	
Instalacións petrolíferas que requiran proxecto	10 anos inspección, 5 anos revisión			
<b>b. Instalacións soterradas</b>				
Proba de estanquidade de depósitos	Revisión cada 5 anos, inspección cada 10 anos	Empresa de mantemento certificada por Organismo de Control		
Proba de estanquidade de tubaxes	Cada 5 anos	Organismo de Control / Empresa de mantemento		
<b>c. Todas as instalacións que necesitaron proxecto</b>				
	Cada 10 anos	Organismo de Control		

INSTALACIÓN / EQUIPO	PERIODICIDADE	AXENTE QUE INSPECCIONA	NORMA	
<b>INSTALACIONS PETROLIFERAS (Continuación)</b>				
<b>Instalacións para subministración de vehículos</b>				
<b>a. Instalacións superficiei</b>				
Instalacións que non requiran proxecto	5 anos revisión	Organismo de Control / Empresa de mantemento	RD 2085/94 RD 706/97-ITC-MI- IP-04 RD 1523/99	
Instalacións que requiran proxecto	5 anos inspección, 1 ano revisión			
<b>b. Instalacións soterradas</b>				
Protección activa mediante corrente impresa	Cada 2 anos	Organismo de Control		
Proba de estanquidade de depósitos	Anual se se realiza con produto no depósito. Cada 5 anos se se realiza co depósito vacío, limpo, desgasificado e con medición de espesores.			
Proba de estanquidade de tubaxes	Primeira proba dende a súa reparación ou posta en servizo 5 anos. Probas periódicas a tubaxes, cada 3 anos. Proba periódica a tubaxe de vapor, cada 5 anos			
<b>c. Todas as instalacións que necesitaron proxecto</b>	5 anos inspección, 1 ano revisión	Organismo de Control / Empresa de mantemento		
<b>PLANTAS E INSTALACIONS FRIGORIFICAS</b>				
Instalacións nivel 2	10 anos	Organismo de Control		RD 552/2019
Equipos a presión categoría I segundo Rd 2060/2008	10 anos			
Con refrixerantes fluorados	Segundo a carga de refrixerante. Sendo T as toneladas equivalentes CO2: a. 50<C<500 T cada 5 anos b. 500<C<5000 T cada 2 anos c. >5000 T anual			
Xeradores de calor de potencia térmica <70 Kw	Cada 4 anos	Organismo de Control	RD 1027/2007 RD 238/2013 RD 178/2021	
Xeradores de frío de potencia térmica P>70 Kw	Cada 4 anos			
Instalación térmica completa de potencia >70 Kw	15 anos			
<b>INSTALACIONS CONTRA INCENDIOS EN ESTABLECEMENTOS INDUSTRIAIS</b>				
Establecementos industriais: • Industrias e almacenamentos industriais • Talleres de reparación e estacionamentos de vehículos destinados ao transporte regular de persoas e mercadorías • Todo servizo auxiliar ou complementario das actividades anteriores	2 anos risco intrínseco ALTO 3 anos risco intrínseco MEDIO 5 anos riscos intrínseco BAIXO	Organismo de Control	RD 2267/2004	
Industria anterior á entrada en vigor do RD 2267/2004	Cada 10 anos	Organismo de Control	RD 513/2017	
Establecementos non industriais: • Segundo o seu uso e superficie, deben pasar inspección: Residencial público; Hospitalario; Administrativo ≥ 2.000 m2; Docente ≥ 2.000 m2; Comercial ≥ de 500 m2; Pública concorrencia ≥ 500 m2 e aparcamento ≥ 500 m2. • E aqueles usos con superficies menores ás indicadas, incluíndo residencial vivenda, se conflúen zonas ou locais de risco especial alto.	Cada 10 anos			
<b>APARELLOS A PRESIÓN</b>				
Inspección inicial para posta en servizo, despois de modificacións, reparacións e as seguintes inspeccións periódicas				
<b>RECIPIENTES PARA GASES E LÍQUIDOS</b>				
<b>Periodicidade</b>				
Categoría do equipo	I-2 e II-2	I-1, II-1, III-	III-1 e IV-1	
Inspeccións nivel A	4 anos	3 anos	2 anos	
Inspeccións nivel B	8 anos	6 anos	4 anos	
Inspeccións nivel C	Non obrigatorio	12 anos	12 anos	
<b>TUBAXES INCLUIDAS OU ASIMILADAS</b>				
<b>Periodicidade</b>				
Categoría do equipo	I-2 e II-2	III-2	I-1, II-1 y III-1	
Inspeccións nivel B	12 anos	6 anos	6 anos	
Inspeccións nivel C	Non obrigatorio	Non	12 anos	
Para equipos ou instalacións con ITC propia poden ter outras periodicidades				
<b>CALDEIRAS E EQUIPOS CON CHAMA OU APORTACIÓN DE CALOR</b>				
<b>Periodicidade</b>				
Categoría do equipo	Anual			
Inspeccións nivel A	Cada 3 anos			
Inspeccións nivel B	Cada 6 anos			

ASGOCA (ASOCIACIÓN GALEGA DE ORGANISMOS DE CONTROL AUTORIZADOS)



Documento actualizado a FEBREIRO 2024

Edita: Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral

PDF IMPRIMIBLE



Gabinete Técnico Confederal de  
Saúde Laboral. Ferrol.  
Rúa Eduardo Pondal 41/43, entrechán  
15403 Ferrol  
Tílf: 981 359 449. Fax: 981 359 449  
saudelaboral@galizacig.net

